

Poemas

MARIAN CASTILLO MORENO

II: O LUAR

Hoxe todo é diferente:
pecho os ollos e vexo a paisaxe,
a area da praia alí lonxe
moi lonxe de min.

Escoito o bruído das ondas
e soño co luar na auga
que rodea a miña almiña
mentres camiñamos pola beira do mar.

É a imaxe escondida,
oculta tras estes papeis
escuros que eu mesma creei
e que che fan dano.

Quero borralos da túa vida
e que te ilumine o luar
cando volvas a Doñana
áinda que non sexa comigo.

E vas ser feliz
porque vas reflectir o luar
no teu corazón cheo da estrelas
como as que lembran as miñas noites.

E eu tamén vou ser feliz
áinda que non sei ben o que é a felicidade;
quizais non sexa volver a Doñana
senón só a saudade que sinto
do luar cando estás preto de min
e un muro de silencio
fende o noso espacío.

—Non. Iso non é—.

Vou rompelo, prométoo,
vou apartar de ti as miñas bágoas
e nunca máis has ver esta tristeira
que naceu das verbas baleiras
que querían Volver a Doñana.

III: OS DEVANCEIROS

O veo de amor mantense
 fendido
 desfiado.
 Pero non,
 ainda non podo verte.
 É insopportable
 esta nada que envolve
 cada unha daquelas mensaxes
 que voaban abaenadas polo son do ar.

Os devanceiros
 eles si que viviron momentos de cor laranxa
 e non tiveron que aceptar coma min
 que mañá en Doñana
 todo será negro.
 Morrerán os flamengos,
 chorará ese lince
 que ainda non recibiu un balazo.
 Adeus dunas.
 Adeus praias.
 Adeus paisaxes
 -vellas esperanzas afundidas-.

É o comezo da fin
 do pasado.

Quedarán os poetas
 a carón dos seus paraíso soñados
 ó xeito de marisma.

(De *Doñana*, Xaneiro-Abril 1998)